

O Mercado de Arte volve á praza de abastos de Sabarís

Escrito por VM

Mércores, 29 Abril 2015 15:38



A asociación de empresarios de Sabarís COEMSA volverá un ano máis a mudar a praza de abastos nun auténtico "mercado" de arte.

A cita para todos os amantes das artes plásticas e da fotografía será o vindeiro domingo 10 de maio de 10 a 21h na praza de abastos de Sabarís.

"Con poucos medios e moita imaxinación" así é como defende a presidenta dos comerciantes locais, Pilar Loperena, a cita anual que aglutina a artistas consagrados e afeccionados nun mesmo espazo, compartindo "xénero" con artistas noveis e talleres e obradoiros para os máis pequenos; e que xa é un referente expositivo non só para a comarca se non para Vigo e Baixo Miño.